

## TÍTULO OFICIAL

### MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro  
D.O.G. nº 49 de 10/03/00

**P**ara matricularse neste curso é necesario cumprir os seguintes **requisitos**:

- ☞ Ter os 18 anos cumpridos.
- ☞ Graduado en educación secundaria , graduado escolar ou equivalente.
- ☞ Técnico auxiliar en formación profesional ou equivalente.

**O** curso consta de dúas fases:

#### 1ª) **Fase teórica - práctica**

- A impartir pola *Escola* e que constará dunha duración mínima de 200 horas lectivas.
  - Non se poderá faltar máis de 40 horas.
- \*Rematada esta fase a *Escola* avaliará ó/a cursillista coa calificación de **apto / non apto**.

#### 2ª) **Fase de prácticas**

- Constará dun mínimo de 14 días de actividade continuada en colonias campamentos, albergues, campos de traballo e outros, en bloques non inferiores a 3 días, ou de 150 horas de actividade periódica nunha entidade ou asociación que traballe no eido do tempo libre.
- En calquer caso ten que haber na entidade receptora un responsable de prácticas que posúa o título de monitor de tempo libre ou experiencia acreditada en animación socio-cultural.
- O prazo máximo para realizar esta fase é de dous anos dende o remate da fase teórica-práctica.
- As prácticas responderán a un **proxecto** elaborado pol@ cursillista, coa orientación do profesorado da escola, e que deberá ser presentado antes do comenzo das mesmas.
- A avaliación desta fase efectuarase unha vez desenvolvida a actividade proxectada, con base na **memoria** elaborada pol@ cursillista, o **informe** d@ responsable de prácticas da entidade receptora e o **informe** da *Escola*.
- O alumnado deberá pagar a taxa correspondente á Xunta de Galicia.
- Unha vez reunidos estes tres documentos e previa análise, a *Escola* propondrá á *Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Xunta de Galicia* a expedición do correspondente título oficial.

**P**ara a obtención do título necesitarase superar satisfactoriamente as **dúas fases** do curso.